

## II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “As nosas MASCOTAS EN NADAL” DO ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE VETERINARIOS DE LUGO:

### Convocatoria

O Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo convoca un concurso fotográfico, ao obxecto de promocionar, difundir e dar a coñecer a través de imaxes como pasar o Nadal en familia coas mascotas.

### Tema

As fotografías estarán directamente relacionadas con **momentos do Nadal das nosas mascotas** nas que se valorará que, independentemente, da idade de animal se poña de manifesto que forman parte das nosas vidas e que comparten os nosos momentos en familia ano tras ano. É un momento para estar en familia e contar coas mascotas como un membro máis que sempre está presente e que debemos coidar, alimentar e dar agarimo durante toda a súa vida.

Categorías:

- Categoría 1: Mozos de 13 a 17 anos.
- Categoría 2: Adultos.

### Obras

O autor declara, ao aceptar as bases e proceder á participación no concurso, ser o autor das imaxes presentadas. Calquera reclamación fundamentada por un terceiro en sentido contrario, poderá significar a descualificación no concurso.

Para concursar débese mandar un email a lugo@colvet.es engadindo os seus datos e subindo as fotografías obxecto de participación.

- Nome e apelidos, así como o DNI do concursante
- Nome e apelidos do proxenitor (para a categoría 1)
- Idade
- Enderezo, localidade, teléfono de contacto
- Correo electrónico

Só se admitirá unha fotografía por concursante.

As imaxes poderán ser en branco e negro ou en cor e deberán ter formato dixital (jpg), e con tamaño **mínimo** de 2MB.

A organización resérvase o dereito de descartar e ou excluír do concurso fotografías que teñan contidos contrarios ao dereito á honra, á intimidade persoal e familiar, á propia imaxe das persoas, ou ao benestar animal.

### Prazo de presentación

As fotografías deberán enviarse ao email lugo@colvet.es , de maneira que sexan recibidas entre as 08:00 do 29 de novembro ata as 20:00 do 21 de decembro.

Os gañadores daranse a coñecer o 23 de decembro na páxina web do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo, na que se detallará o día da entrega dos premios aos gañadores.

### **Premios**

Outorgarase un premio por cada categoría.

- Categoría 1 (De 13 a 17 anos): Smartwatch
- Categoría 2 (Maiores de 18 anos): Tablet

As fotografías gañadoras serán anunciadas e publicadas na web do Colexio.

Se o Xurado o estima oportuno podería declarar deserto o Concurso ou algún dos premios.

O acto de entrega de premios comunicarase, oportunamente, aos galardoados

As fotos gañadoras das distintas categorías poderán converterse nas postais de felicitación telemáticas do Colexio de Veterinarios de Lugo. As fotografías, tamén, expoñeranse na páxina web colexial e poderán ser enviadas a distintos medios de comunicación.

### **Xurado**

O xurado será designado polo Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo.

O fallo do xurado farase público o día 23 de decembro na páxina web do Colexio.

### **Dereitos de autor**

O concursante debe estar en plena posesión de todos os dereitos sobre as obras presentadas. Os organizadores do concurso non son responsables da posible infracción dos dereitos de imaxe e utilización que puidese cometer o concursante respecto das fotografías presentadas a concurso. En caso de conflito con terceiras partes, a responsabilidade e os custos da súa resolución corresponden ao concursante que presentase as fotografías que desen lugar ao mesmo.

### **Dereitos de uso**

O copyright das imaxes gañadoras corresponde aos autores: con todo, todas as fotografías presentadas a concurso poderán ser utilizadas polo Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo, e por terceiras partes autorizadas polo devandito Colexio, tanto con fins de promoción do concurso, como para uso e inclusión en publicacións e campañas de comunicación, eventos e actividades formativas organizadas polo Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo, respectando sempre a autoría e acompañadas do nome do autor.

### **Consentimento expreso ás presentes bases**

O feito de participar neste concurso supón o total coñecemento e aceptación destas bases.